

### **NEOLÍTICO-MEGALÍTICO**

**Praia da Cunchosa:** Na punta de San Martín, nun abrigo composto por cinco cavidades entre as rochas graníticas, localizáronse dous machados pulidos, un pulidor, cinco follas de sílex, anacos de cerámica sen decorar, un deles con parte do labio, e outro con labio e mamelos de agarre.

Segundo informacions recollidas, nesta zona localizáronse con posterioridade algúns mais.

### **BRONCE**

**Aldán :** Un machado de talón.

**Monte Borralido :** Un machado de dúas anelas do bronce III, según clasificación feita por D. Luis Monteagudo.

**Gandón :** Dúas sepulturas rectangulares (nomeadas cistas) feitas con grandes laxes de pedra para enterramentos individuais. Nunha delas recolléronse os restos dun difunto infantil; noutra, mais grande, atopáronse as pezas que compoñían o enxoval funerario: unha placa colgante de cobre e un brazal (protector de muñeca) dun arqueiro feito nunha rocha chamada esteatita.

Foron escavadas as dúas tumbas no ano 1.985, e descubertas o facer o soto dunha vivenda.

A cista de Gandón representa o primeiro achádego relacionado co cambio de ritual funerario que ten lugar na Idade do Bronce; antes os enterramentos eran colectivos, inhumacións sucesivas nun mesmo lugar, e agora trócanse individuais, unha inhumación por persoa.

### **ARTE RUPESTRE**

**Rio Loureiro (Herbello):** Xunto ó camiño que leva ó monte Peralta, nunha rocha plana existe unha representación dun antropomorfo armado cun escudo e unha espada, que leva un casco con cornos. Xunto esta figura parece estar debuxada unha cabana de teito cónico, porta rectangular e planta circular.

**Monte Pereira (Herbello) :** Varias combinacións de círculos concéntricos.

### **CULTURA CASTREXA**

**Liboreiro :** Localízase no extremo norte da Serra Magdalena, cunha cota de 334 mts.

A zona habitacional distribúese nunha serie de catro terrazas, con parapeto defensivo na zona baixa que protexe a subida ó mesmo. Documentouse dende primeiros de século a presenza de cerámica castrexa e instrumentos de bronce e pedra pulida.

En 1.928 foi escavado o cumio polos señores Pérez Esteso. Atoparon varios chans de cabana e moita cerámica castrexa. Como consecuencia desta e outras escavacións clandestinas a terraza superior do castro está cuberta de pedras pertencentes os muros das vivendas.

**Herbello:** Localízase ó Sur de Herbello nunha cota de altitude de 132 mts. Posúe unha zona outa moi rochosa e unha soia terraza alongada cara ó Norte.

Atopáronse grande cantidade de cerámica castrexa. É un castro pequeno, no que tamén se encontraron restos de ánforas.

### **CULTURA GALAICO ROMANA**

**Castro Liboreiro:** Ademais de atoparse cerámicas comúns romanas, sigillatas e outros obxectos da cultura romana como moedas, e fíbulas, apareceron na escavación de 1.928 tres aras: unha sen epígrafe, outra ilexible (polo seu estado de conservación) e unha terceira adicada o deus VERORE ou AERNO, segundo os autores que se consulte.

**(De: Traballos de Arqueoloxía I. 1987)**

### **OUTROS MONUMENTOS**

- **Igrexa de San Cibrán.** (s.XVI)
- **Capela de San Amaro.**
- **Pazos de Torre de Aldán, e Espiñeira.**
- **Ponte medieval de San Cibrán.**
- **Sartegos de A Laxe.** (Medieval)
- **Núcleo urbano de San Cibrán**
- **Fontes :**
- **Muíños :** 11 no río Orxas.

## **IGREXA DE SAN CIBRÁN**

Edificada sobre unha igrexa anterior, do século XVI, que posiblemente fóra así mesmo levantada sobre outra máis primitiva. A actual estrutura e cuberta datan de 1.860.

É unha edificación neoclásica. Na fachada frontal, catro altas pilastras a dividen en tres paneis rectangulares. No panel central ábrese unha porta de medio punto, enriba, nunha fornela, hai unha imaxe de San Cibrán. Luneto circular e torre de dous pisos con balaustradas de pedra que remata cunha cupuliña feita por aproximación de fileiras de pedras. Houbo unha modificación posterior consistente en dúas volutas de corte barroco.

Nas fachadas laterais ábrese ventás de corte oxival. Teñen dous contrafortes a cada lado.

O interior é dunha nave que cerra en bóveda de canon. A capela maior ten bóveda de crucería.

## **PAZO TORRE DE ALDÁN**

(Extraído de : **Cangas. Guía de la capital del Morrazo**. J. Bangueses Edit.)

Formando parte de su conjunto, posiblemente con su primitivo trazado medieval, se encuentra el Pazo-Torre de Aldán, propiedad de los condes de Canalejas. Se aprecian en su estructura ciertas formas, que se hacen especialmente visibles en la fachada más próxima a la carretera comarcal que bordea sus tierras. Se puede observar lo que en un principio era una torre, en la que se halla el escudo de la familia de los Aldao, Aldana o Maldonado, consistente en cinco lises y cuyo origen tiene un aire legendario.

Cuenta el P. Crespo que en una ocasión llegó a Santiago un noble, pariente del rey de Francia. Cuando éste se hallaba contemplando el Botafumeiro, y dada la aglomeración de gente, pisó un pie a Fernán Pérez de Aldao, noble gallego. Este inmediatamente increpó al francés exigiéndole disculpas, que no dio, por considerarse libre de ellas al ser de la alta nobleza. Ante esta situación, Fernán Pérez le retó a duelo, rehusando el francés por encontrarse como peregrino y dejando claro de que si en alguna ocasión iba el gallego a Francia estaría muy gustoso de batirse. Algún tiempo después, Fernán Pérez se personó en París reclamando el duelo pendiente, del que salió victorioso. Reclamadas las armas del vencido, el rey de Francia se las entrega con estas palabras: ¡Toma Maldonado ... ! Desde entonces el apellido Aldán, Aldao y Maldonado son de la misma familia; y aún más: desde ese momento el escudo de Aldán tiene cinco flores de Lis, superando el escudo de los reyes Borbones españoles, que tiene únicamente tres.

Con posterioridad, la casa de los Aldao se amplió hacia la actual plaza del Obispo Cer-viño. Las posesiones y poderío de esta casa en la zona fueron grandes, pudiendo todavía verse en toda la Sierra de la Magdalena marcos de piedra con la inscripción «Coto de Aldao», que delimitan su territorio.

En el siglo XV la Casa-Torre de Aldán fue atacada por el señor de Soutomaior, Pedro Madruga (1.476).